CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 143. Decembro 2017. Distribución gratuíta

Asetem transmítelle ao presidente da Deputación as súas inquedanzas

Valentín González Formoso achegouse ata Melide, convidado pola asociación de empresarios, para visitar o parque empresarial e coñecer de primeira man as necesidades da patronal. Visitou tamén a sede de Asetem onde aproveitou para explicar aos asistentes as liñas de axuda á contratación e apoio do empregro que promove actualmente o ente provincial. Formoso destacou o "carácter estratéxico e o enorme potencial de Melide" para continuar medrando. P10

EMPRESA

En marcha a campaña de Nadal de Asetem con récord de participación P4

MELIDE

Denuncian un acto de "furtivismo letal" no río Furelos P11

COMARCA

Santiso acudirá á Xunta para o arranxo da rede de sumidoiros en Arcediago P14

ENTREVISTA

Fisio Lili
Centro de Fisioterapia

Centro de fisioterapia Fisio lili

O IES de Melide celebra os 50 anos con multitude de actos

Foto: IES de Melide durante a inauguración da exposición dos 50 anos

Médio século de vida é o que está a celebrar con numerosos actos o IES de Melide. O seu director, Ramiro Piñeiro, fai balance do que supuxo o centro para Melide. P13

Toques celebra a súa III Feira de exaltación de produtos

Ademais de contar cos produtos típicos da zona este ano celebrouse como novidade unha "torresmada" popular que gozou de moi boa acollida. P20

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

As pensións: un futuro incerto

Semella un tema que ninguén quere tocar, pero a súa abordaxe faise cada vez máis necesaria. Recentemente coñecemos que España será o país coa maior ratio de xubilados por traballador no ano 2050 xunto con Xapón, segundo un informe publicado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Ademais, o informe apunta a que dentro de 22 anos haberá oito pensionistas por cada 10 traballadores. Non saen as contas.

Dende o PP propoñen agora pagar as pensións con impostos para solucionar "a situación de déficit e insuficiencia de ingresos que sofre a Seguridade Social", din. E o sector privado recomenda "incentivar os plans de pensións nas empresas". A ver, urxe unha reforma do sistema de pensións, que ademais é un tema delicado, pero baleirar a hucha das pensións non axudou. Como tampouco axuda non subir os salarios mínimos nin o problema do envellecemento da poboación na que, cada vez hai menos nacementos á par que unha esperanza de vida maior.

Estamos ante un dos retos máis grandes que afronta o noso país e que require da actuación inmediata e do consenso por parte de gobernos, institucións, axentes sociais e empresas. Ademais, sería interesante contemplar, nunha futura hipotética reforma da Constitución, o dereito a unha prestación por xubilación tal e como se garanten outros dereitos fundamentais. Son moitos anos de debate que aínda non garanten un sostemento futuro. É certo que houbo reformas, pero non as suficientes. Nun goberno -competente- ten que haber iniciativa e prioridades, e as prestacións públicas ao final da nosa traxectoria vital tras anos de traballo deben ser unha delas, e máis cando todos os sectores claman por unha solución.

Mentres en España se debate, e só se debate, e os cidadáns rebaixan as súas expectativas de poder chegar a contar cunha pensión no futuro, países da contorna xa resolveron este problema. Iso quere dicir que hai saída, pero que hai que poñerse a buscala inmediatamente ben sexa subindo salarios ou incentivando o aforro privado ou a través de calquera outro mecanismo que lle asegure aos cidadáns un retiro, cando menos, seguro e estable.

Tribuna de opinión

A "morte doce"

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Chega o frío e, por desgraza, todos os anos se repite a mesma situación: intoxicacións por monóxido de carbono e, no peor dos casos, falecementos. Os datos que vimos de coñecer a través de Sanidade dende logo son aterradores: no ano 2016, 14 persoas foron ingresadas por intoxicacións por monóxido de carbono no ámbito doméstico (delas, tres faleceron); cada ano, os servizos de urxencias médicas de Galicia atenden máis dun cento de alarmas por posibles intoxicacións por mor do monóxido de carbono e confírmanse un 25%. Os datos dos últimos anos arroxan unha media anual de tres mortes por este motivo.

Por iso compre que extrememos as precaucións, xa que o monóxido de carbono é un gas que non se pode ver nin ulir, sen embargo presenta certos síntomas recoñecibles como a falta de alento, náuseas, mareos lixeiros, dores de cabeza ou confusión mental progresiva chegando a provocar esvaecementos. Ante a presenza dalgún destes síntomas é necesario apagar a fonte de combustión se se coñece, abrir portas e xanelas e ir a un lugar onde se poida respirar aire fresco.

E para evitar chegar a unha situación destas é imprescindible realizar un mantemento e vixilancia axeitados dos aparellos que empregamos como fonte de calor, así como manter unha ventilación axeitada. Ademais, entre os consellos básicos están os de non empregar o forno de gas da cociña para quentar unha casa nin queimar carbón dentro dunha vivenda na cheminea. Tamén se desaconsella a utilización dun braseiro tradicional de leña na vivenda.

Sexamos cautos, e máis cando se trata da nosa vida!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira Veiras
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Rafa Gaioso, Vanessa Fernández
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....10
-COMARCA.....14
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Patronal e Concello de Melide na busca de melloras para o empresariado

Trala reunión mantida coa alcaldesa, Dalia García anunciou que o polígono da Madanela terá fibra óptica antes de que remate o ano

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, Manuel Vázquez, a xerente, Pilar López, e distintos membros da xunta directiva de Asetem, reuníronse o pasado mes de novembro coa alcaldesa de Melide, Dalia García, para tratar diversos asuntos.

Entre os temas que se abordaron destaca a colaboración, un ano máis, do Concello de Melide coa campaña de Nadal que organiza Asetem a través da gala de Nadal que se vai celebrar o 8 de xaneiro.

Así mesmo, tamén se puxo sobre a mesa a organización do Mercamelide, a feira de oportunidades que precisamente na súa última edición levantou certas críticas en relación á falta de promoción ou de seguridade no recinto onde se desenvolveu. Membros da xunta directiva de Asetem propuxéronlle á alcaldesa a creación dunha comisión organizadora para fomentar a implicación e participación de todos os sectores. "A sintonía coa alcaldesa foi moi boa, agora agardamos a unha reunión que se vai a convocar despois do Nadal con todo o comercio asociado para poder analizar este tema máis polo miúdo", explicou a xerente da asociación Pilar López.

Pola súa banda, o presidente de Asetem incidiu nos temas relacionados co polígono industrial e destacou ao mesmo tempo "a boa disposición que percibimos por parte do Concello a solucionalos canto antes". En relación a isto, a alcaldesa de Melide anunciou días despois que o polígono industrial da Madanela contará con fibra óptica antes de final de ano. En concreto, despois da resolución favorable de Patrimonio Cultural do pasado 13 de novembro para acometer as obras de cableado no parque empresarial, Dalia García manifestou o compromiso do seu goberno así como da Xunta de Galicia co empresariado saíndo así ao paso das críticas que o PSOE de Melide fixo recentemente sobre a situación do parque empresarial.

Un momento da reunión que a directiva de Asetem mantivo coa alcaldesa

García destacou ademais que esta fora unha demanda que ela mesma trasladara á Consellería de Economía e Facenda no 2016, e que agora se fará realidade por parte de Amtega neste ano. "Unha vez autorizada a actuación por Patrimonio Cultural debido á proximidade do polígono ao Camiño de Santiago, será a empresa a que comece coas obras de adecuación de telecomunicacións para dotar dita infraestrutura dunha velocidade propia para un polígono, xa que era unha necesidade imperiosa a de conseguir que o parque empresarial posuíse conexión de calidade, aspecto fundamental para o desenvolvemento de calquera empresa", explicou a alcaldesa.

García tamén subliñou que "antes de analizar a situación actual do polígono en canto a servizos e niveis de oferta de solo, xestionada pola empresa pública XESTUR, os representantes locais do PSdG deberían cando menos ser coñecedores das afeccións medioambientais ás que está sometido o parque, así como o índice de ocupación das parcelas que non é o mesmo que o índice de solo industrial ofertado". "É dun calibre de irresponsabilidade supina lanzar aos medios que Melide non ten solo industrial cando todos sabemos que iso non é certo, simplemente por buscar o alarmismo e a demagoxia propia desta formación política", concluíu.

CLAVES PARA A INNOVACIÓN, A RENOVACIÓN E A CONSOLIDACIÓN DUN COMERCIO

Poñer en marcha un negocio nunca é doado, pero unha vez que bota a andar o máis complicado é mantelo e asegurar o seu éxito para que pouco a pouco vaia medrando. A día de hoxe unha das ferramentas que máis nos pode axudar a garantir ese éxito atopámola en Internet en forma de redes sociais e novas tecnoloxías da información e comunicación. Co obxectivo de achegar todo ese mundo aos comerciantes, Asetem acolleu a celebración dun pequeno taller de *Innovación, renovación e consolidación comercial* organizado en colaboración coa Federación Galega de Comercio, a Federación de Comercio de A Coruña e a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio. O taller consistiu nunha xornada de pouco máis dunha hora de duración dividido en dúas partes. Na primeira, José Nogueira da empresa Sistemius abordou aspectos legais do comercio electrónico para pemes e autónomos e as claves para vender de forma segura en Internet. Nunha segunda exposición, Álvaro Fontenla, directivo de Raiola Networks, faloulles aos asistentes sobre marketing dixital e a importancia da dixitalización na peme. Neste senso destacou a necesidade de ter unha presenza básica en internet a modo de web ou blog, así como participar das redes sociais sen chegar a automatizalas ao 100%. Outros dos aspectos tratados versaron sobre as novas canles de promoción e venda, a distribución e a fidelización, así como o coñecemento do consumidor. Orientado claramente ao aumento da competitividade nos comercios, o taller desenvolveuse en diferentes concellos das catro provincias galegas e, no caso de Melide contou tamén coa presenza de José María Seijas, presidente da Federación Galega de Comercio, ademais do presidente de Asetem, Manuel Vázquez.

De esquerda a dereita: Álvaro Fontenla, José Nogueira, Manuel Vázquez e José María Seijas

Nadal de récord en Melide coa participación de 89 establecementos

Mercar en Melide terá premio grazas aos máis de 6.000 euros que se repartirán nunha gala o vindeiro 8 de xaneiro

O pasado venres día 1 de decembro arrancou de xeito oficial a campaña de Nadal que organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem). Unha campaña que vai xa pola súa décimo novena edición e que este ano bate todos os récords, superando incluso a cifra de establecementos participantes do ano pasado. Son así un total de 89 comerciantes (fronte aos 87 do 2016), os que dende o 1 de decembro ata o 8 de xaneiro, ambos incluídos, participarán na campaña.

Aumenta tamén a contía dos premios, e é que este ano vanse repartir un total de 6.200 euros (fronte aos 6.000 da anterior campaña), distribuídos da seguinte maneira: un premio de 2.000 euros, dous premios de 1.000 euros, catro de 500 euros e un premio adicional de 200 euros que se rifará entre os presentes o día do sorteo. O importe total será distribuído en vales de compra de 50 euros cada un, e o sorteo terá lugar na Casa da Cultura de Melide ante notario o vindeiro 8 de xaneiro no transcurso dunha gala.

Dita gala dará comezo ás 20.30 horas e estará conducida polo presentador e guionista Pepe Capelán. Contará ademais coa actuación do grupo Fillos do Estramonio e ás 21.00 horas celebrarase o sorteo de Nadal.

Ao igual que en edicións anteriores os establecementos asociados participantes contarán cun total de 400 rifas que repartirán entre os seus clientes ao longo da campaña. A maiores diso, no caso de esgotalas poderán facerse con máis rifas acudindo ás oficinas de Asetem; estas teñen un custo de 6 euros cada talonario de 100 rifas.

Por outra banda, este ano cada comercio asociado participante recibiu un distintivo de identificación de Asetem, consistente nunha escaleira cunha grilanda de luces para esta e vindeiras campañas organizadas pola asociación de empresarios.

Dende Asetem agardan cumprir nesta campaña de Nadal coas expectativas de anos anteriores, onde o balance foi máis que positivo trala participación de 87 establecementos e o reparto de 65.000 rifas.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

CELIA AMBROSIO GARCÍA "LA FRUTERÍA DE CELIA" *(Cantón de San Roque, nº 3 Baixo)*

"Tentamos ter os produtos frescos todos os días e que sexan da zona"

Leva 15 anos traballando no sector e cando a antiga propietaria se xubilou tomou a decisión de continuar co local. Así colleu as rendas do negocio Celia Ambrosio, que hoxe rexenta "La Frutería de Celia".

.- Como foi emprender?

.- Celia Ambrosio (C.A.): Máis ou menos xa sabía como funcionaba porque o sitio segue sendo o mesmo e a clientela xa a tiñamos fixa, só que agora teño un pouco máis de responsabilidade á hora de mercar e xestionar o produto.

.- Como funciona a tenda?

.- C.A.: Tres veces á semana vou a escoller e comprar a froita para traela fresca. Madrugo pola mañá e vou a un almacén que hai en Lugo, que é o que me serve a froita. Deixo toda a mercancía escollida da miña man e logo tráenma nun camión. E o que é a verdura normalmente témola fresquiña todos os días porque traballamos coa xente das aldeas de aquí da zona. E facemos iso tamén con todo o que se pode traer da zona como por exemplo kiwis do país, os tomates no seu tempo, repolo, cebolas do país, cabazas... xa digo, todo o que poidamos traémolo de aquí. A verdura por exemplo vén da zona de Santiso e tamén tentamos traballar coa cooperativa de Melide. E o pemento ou os kiwis normalmente traémolos de Padrón.

.- Que produtos atopamos en *La Frutería de Celia*?

.- C.A.: Á parte das froitas e verduras de temporada e de todo o ano, temos mel da zona de aquí, de Golán; os chourizos que traemos da zona de Lalín e empezamos a traballar os queixos da Terra de Melide da queixería de Orois. E despois empezamos a traer pequenas cousas que a xente comeza a demandar, sobre todo especias ou xenxibre por exemplo. Destacar que tamén facemos encargos sempre que sexa con previo aviso e, se é pola zona de Melide tampouco temos problema á hora de levar algún encargo a casa.

.- Cales son os produtos típicos do outono?

.- C.A.: Os caquis, as granadas, e sobre todo a verdura típica como nabizas, verzas, o xeno (bertón), e o repolo. Tamén é tempo de laranxa e mandarina. E despois a pera e o plátano hainos todo o ano. É tempo de cítricos e verduras sobre todo. O que si, o problema que estamos tendo coa verdura é que como case non chove encarécese o prezo dela, e iso notouse bastante. Aínda que no noso caso tentamos manter os prezos porque ao ser un produto local onde non hai intermediarios, podemos facelo.

.- Como se distingue un bo produto?

.- C.A.: Levando xa case 15 anos acabas coñecendo moitas cousas e entón moitas veces xa o distingues só con velo. Por iso intento ir eu a comprar directamente. E en canto á xente, aquí son máis de preguntarnos directamente e a verdade é que se deixan aconsellar moi ben.

.- Que se fai co produto que sobra?

.- C.A.: No noso caso é moi raro que sobre porque despois de tantos anos traballando miramos de calcular e as veces ata nos quedamos curtos. Iso si, se por exemplo hai froita ou patacas que, aínda que estean en perfecto estado, non se ven tan bonitas esteticamente, con ese produto facemos bolsiñas e poñémolas un pouco máis baratas, sempre a 50 céntimos a bolsa. Así tentamos non tirar nada.

SABER DE LEI

A nova regulación dos accidentes de tráfico e como reclamar a indemnización

E&M AVOGADOS

O primeiro de todo que hai que destacar da nova regulación establecida no baremo de tráfico do ano 2016 é que con esta téntase evitar que os prexudicados e as aseguradoras acaben na vía xudicial, polo que se estableceu un sistema de reclamación extraxudicial obrigatorio sen o que sería imposible interpoñer unha demanda contra a aseguradora.

A continuación imos expoñer de forma breve os pasos a seguir nestes supostos de accidentes:

· **Reclamación inicial:** é o accidentado ou prexudicado o que ten a obriga de remitir á aseguradora esta reclamación. Preferentemente debe enviarse por burofax indicando os datos completos do lesionado, dos vehículos implicados no accidente e os seus seguros, así coma os danos ocasionados. Na reclamación débese reclamar a indemnización aínda que neste momento inda non é necesario cuantificala. Así mesmo, débense incluír todos cantos documentos obren no poder do prexudicado que acrediten o accidente así como os partes médicos de lesións ocasionadas.

· **Oferta motivada:** fronte a esta reclamación a aseguradora pode optar por realizar unha oferta motivada. O prexudicado ten a obriga de deixarse visitar polo perito médico da aseguradora, quen realizará un informe en base ao que se formulará a valoración das lesións. Así mesmo, a compañía aseguradora ten a obriga de remitirnos a oferta que considera que se debe cobrar. Pese a que é obrigatorio contestar por parte da aseguradora no prazo de tres meses, na práctica en ocasións non sucede así e nunca se recibe contestación á reclamación.

· **Aceptación, valoración, negociación ou vía xudicial:** podemos aceptar a cantidade ofrecida pola aseguradora, e neste caso remitirannos un finiquito que se deberá firmar e reenviar xunto co D.N.I do prexudicado, así coma os datos bancarios para que se reciba a indemnización acordada. Outra opción en caso de que non haxa acordo é solicitar ser valorado por outro perito médico privado, ou ben que sexa valorado por un médico forense do Instituto de Medicina Legal. Así mesmo, unha vez que se obtén a oferta motivada, o baremo de tráfico dá a opción de acudir á vía xudicial mediante a interposición da demanda contra a aseguradora. A decisión de optar por algunha destas vías sempre queda en mans do accidentado que deberá decidir que cauce elixir.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 280
671 833 425

LEXISLACIÓN LABORAL

Información elaborada por CC Xestión
Rúa Otero Pedrayo, 10 - Melide

NOVIDADES INTRODUCIDAS POLA LEI DE REFORMA URXENTE DO TRABALLO AUTÓNOMO. PARTE II.

Entrada en vigor o 01/01/2018:

REDUCIÓN NOS RECARGOS POR COTIZACIÓNS A SEGURIDADE SOCIAL, INGRESADAS FÓRA DE PRAZO.

Cando o ingreso da cotización se produza no mes seguinte ao vencemento do prazo de ingreso, o recargo será do 10% da débeda (ou o 20% se non se presentaran os documentos de liquidación da cotización). // Mantéñense os recargos para ingresos de cotización efectuados a partir do remate do prazo anterior: 20% da débeda (ou do 35% no caso de non presentar documentos de cotización).

TARIFA PLANA DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL PARA OS TRABALLADORES AUTÓNOMOS QUE INICIEN UNHA ACTIVIDADE NO 2018.

Para os traballadores autónomos que causen alta inicial ou que non estiveran de alta nos 2 anos anteriores (3 anos, no caso de que xa desfrutaran da tarifa plana), a contía da cotización será de 50 € mensuais durante 12 meses, no caso de que coticen pola base mínima de cotización. // Se a base de cotización é superior, terán unha redución do 80% da cota, calculada sobre a base mínima de cotización. Suporá un desconto na cotización total duns 219 €/mes. // Durante os 12 meses máis, os autónomos terán os seguintes descontos na cotización:

a) Redución do 50% da cota de cotización por contingencias comúns, calculada sobre a base mínima de cotización, durante 6 meses. Suporía un desconto na cotización total duns 137 €/mes.

b) Redución/bonificación do 30% da cota de cotización por contingencias comúns, calculada sobre a base mínima de cotización, durante 6 meses. Suporía un desconto na cotización total duns 82 €/mes.

Adicionalmente, os autónomos menores de 30 anos (35 anos, no caso de mulleres) poderán aplicar, durante 12 meses máis, unha bonificación do 30% da cota de cotización por contingencias comúns, calculada sobre a base mínima de cotización; acadando así 36 meses de reducións/bonificacións. // No caso de traballadores con discapacidade, tras a tarifa plana dos 12 primeiros meses, poderán aplicar unha bonificación do 50% da cota de cotización por contingencias comúns, calculada sobre a base mínima de cotización, por un período máximo de 48 meses, completando 5 anos de beneficios na cotización. Esta bonificación suporía un desconto na cotización duns 137 €/mes. // Todos estes beneficios tamén serán aplicables aos socios de sociedades laborais e a socios traballadores de cooperativas de traballo asociado encadrados no RETA.

COTIZACIÓN POR DÍAS EFECTIVOS DE ALTA DOS AUTÓNOMOS

Ata 3 altas no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, dentro cada ano natural, terán efectos dende a data de inicio da actividade económica. Igualmente, ata 3 baixas no RETA, en cada ano, terán efectos no día en que o autónomo cese na actividade. Nestas ocasións fraccionase a cota de cotización, de xeito que se efectuará polos días efectivamente de alta na actividade. // O resto de altas e baixas que se produzan no ano natural terán efectos dende o día primeiro do mes natural en que se inicie a actividade económica (as altas) e no último día natural do mes en que o autónomo cese na actividade (as baixas); polo que se cotizará por meses completos, sen fraccionamento da cotización por días de alta.

MODIFICACIÓN DAS BASES DE COTIZACIÓN

Os traballadores autónomos poderán cambiar 4 veces no ano a base de cotización, coas seguintes datas de efectos:

a) Solicitudes realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo, efectos do 1 de abril.

b) Solicitudes realizadas entre o 1 de abril e o 30 de xuño, efectos do 1 de xullo.

c) Solicitudes realizadas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, efectos do 1 de outubro.

d) Solicitudes realizadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro, efectos do 1 de xaneiro do ano seguinte.

NOVOS GASTOS DEDUCIBLES NO IRPF, PARA ACTIVIDADES EN ESTIMACIÓN DIRECTA

Incorpóranse como gastos deducibles para a determinación do rendemento neto en estimación directa:

a) Os gastos de subministro da vivenda parcialmente afecta á actividade económica do contribuínte (auga, gas, telecomunicacións, electricidade), na porcentaxe resultante de aplicar o 30% á proporción existente entre os metros cadrados de vivenda adicados á actividade respecto da superficie total, salvo proba dunha porcentaxe superior ou inferior.

b) Os gastos de manutención do contribuínte no desenvolvemento da actividade, que se produzan en establecementos de restauración e hostalería e que se abonen mediante medios electrónicos de pagamento; cos límites cuantitativos establecidos para as dietas e gastos de manutención.

Entrada en vigor o 01/03/2018:

BASE REGULADORA DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DE MATERNIDADE E PATERNIDADE DOS TRABALLADORES POR CONTA PROPIA

Modifícase a base de cálculo das prestacións económicas por maternidade e paternidade, que será o resultado de dividir a suma das bases de cotización ao RETA dos 6 meses anteriores ao feito causante, entre 180 días.

Asetem impartiu un obradoiro de empaquetado de agasallos

Asistentes ao curso, impartido por Margarita Iglesias

Por segundo ano consecutivo, aínda que nesta edición desenvolveuse durante dúas xornadas, Asetem organizou os pasados 28 e 29 de novembro na súa sede un taller de empaquetado e confección de agasallos dirixido aos establecementos asociados. Foi impartido por Margarita Iglesias, membro da xunta directiva da patronal, co obxectivo principal de achegar conceptos básicos para a decoración dos escaparates e aprender a facer empaquetados diferentes e orixinais para os agasallos que se mercan nestas datas. O obradoiro foi todo un éxito xa que nel participaron máis de 20 persoas.

Convenio con Agra Autoescola

A Asociación de Empresarios Terra de Melide mantén un convenio de colaboración con Agra Autoescola, a través do cal os socios de Asetem que desexen realizar o Curso de Aptitude Profesional (CAP) de formación continua, poderán gozar de diferentes vantaxes. O curso ten unha duración de 35 horas con asistencia obrigatoria e coa posibilidade de realizalo durante as fins de semana. Deste xeito, o próximo curso do CAP terá lugar as fins de semana da segunda quincena do mes de xaneiro nas oficinas de Agra Autoescola en Arzúa. De querer participar é necesario confirmar a asistencia con dez días de antelación. Para solicitar máis información, as persoas interesadas poderán facelo chamando por teléfono ao 981 50 53 76. Rematada esta edición do curso, cada dous-tres meses Agra Autoescola organiza un novo, polo que os interesados poden informarse ao longo de todo o ano no caso de que desexen realizalo.

Gran queimada para despedir o primeiro Black Friday de Asetem

Non acompañou o tempo no primeiro Black Friday organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide, pero a participación na xornada foi satisfactoria. Máis de trinta establecementos ofreceron numerosos descontos durante todo o día que nalgúns dos casos foron de ata o 50% e, pese a que a animación na rúa tivo que suspenderse por mor da choiva, a queimada popular contou coa asistencia de numerosas persoas.

POR SER DE XUSTIZA

Eva Novás
Avogada

Os propietarios morosos nas comunidades

En moitas ocasións, pertencer a unha comunidade de propietarios fai certo ese refrán que di que é mellor pelexar cos parentes que cos veciños. As comunidades son moitas veces unha fonte de conflitos que exceden o que serían as dificultades normais dunha convivencia e que se orixinan case con máis frecuencia por falta de solidariedade e de boa fe entre os seus veciños que de normas que regulen a vida diaria da comunidade.

E un dos problemas habituais é o da existencia de propietarios morosos, o que acaba repercutindo á marcha e boa xestión da comunidade. Polo que compre saber que estes veciños que incumpren as súas obrigas de pago tamén poden ser privados dalgúns dos seus dereitos como propietarios, como é o dereito a participar na toma de decisións, privándoos de dereito a voto nas xuntas da comunidade.

Un veciño será moroso cando non estea ó día no pago á comunidade de todas as débedas xa vencidas, para o caso de que as cantidades non fosen impugnadas ou consignadas, e xa correspondan a cotas ou a outros gastos e conceptos, como son as derramas aprobadas. Nestes casos, a Lei de Propiedade Horizontal establece que os propietarios que no momento de iniciarse a xunta non se atopasen ó corrente no pago de tódalas débedas vencidas coa comunidade e non as impugnasen xudicialmente ou procedesen á consignación xudicial ou notarial da suma adebedada, poderán participar nas deliberacións pero non terán dereito a voto. Ademais, a acta da xunta recollerá cales son os propietarios privados do dereito de voto, polo que esas persoas e cotas de participación non serán computadas a efectos de alcanzar as maiorías esixidas pola lei en cada caso para a adopción de acordos

Polo tanto, os veciños morosos poderán asistir ás xuntas, participar nas deliberacións e estar presentes nas votacións pero, se non acreditan que xa están ó día nos pagos, poderán ser privados de voto e de decisión, facéndoo constar na acta.

O que si poderán facer os morosos e esixir que se faga constar a súa oposición a algúns dos acordos adoptados. Esta oposición non contará como voto e non influirá no resultado, pero para ese veciño que non está de acordo é importante que se faga constar igualmente, aínda que teña débedas coa comunidade. Desa forma, poderá acreditar a súa oposición se o que pretende é unha posterior impugnación dese punto en concreto.

Os conflitos que poden surxir dunha comunidade son tan diversos e variados como as persoas que a compoñen. Por ese motivo, e sobre todo se a comunidade é grande, resulta moi aconsellable que estea administrada por profesionais alleos a ela e debidamente cualificados, que poidan asesorar tanto á comunidade como conxunto como ós seus veciños, o que á larga evita gastos, conflitos e desgustos innecesarios.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Tchin Tchin
ESPECIAL FIESTAS
TU 2º Y 3er
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*
Y EL 3º PARA QUIEN TÚ QUIERAS
*Ver condiciones en óptica. Oferta válida hasta el 31/01/2018
RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97
ALAIN AFFLELOU

JUIFI

INTERNET RURAL
O mellor prezo

INTERNET, TELÉFONO E MÓBIL
604 040 040 • info@juifi.com
www.juifi.com

INTERNET
dende
19,95 €/MES
Teléfono fixo por 5€ máis



Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Banquetes y celebraciones de empresa
Navidad 2017
Vilariño (Sambreixo) - Palas de Rei - Lugo
Telf: 982 153 232 / 679 035 713
www.balneariorio pambre.com

IMPRENTA
Meligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAS tábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

González Formoso visita o parque empresarial e a sede de Asetem

O presidente da Deputación da Coruña coñeceu de primeira man as demandas dos empresarios melidenses e expuxo as liñas de axuda á contratación e apoio do emprego do ente provincial

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, realizou unha visita ao parque empresarial de Melide e á sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), convidado pola patronal para dar a coñecer as políticas de apoio a pemes e emprendedores que está a desenvolver a institución provincial a través do seu Plan de Emprego Local (PEL).

Acompañado polo presidente de Asetem, Manuel Vázquez, a alcaldesa da localidade, Dalia García, e por concelleiros dos diferentes grupos políticos da corporación municipal, entre outros, González Formoso tamén percorreu nun primeiro momento o parque empresarial da vila para coñecer de primeira man as necesidades e demandas dos empresarios.

Así llas trasladou Manuel Vázquez, quen xa lle comunicara nunha reunión mantida no seu día "a necesidade de melloras en canto a alumeado e sobre todo en relación á limpeza e saneamento do parque, ademais das conexións por Internet". Así mesmo, outro dos aspectos tratados durante o percorrido polo polígono foi a preocupación en relación a unha futura ampliación do mesmo, ao lindar este con zonas catalogadas como LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) da Rede Natura, motivo que actualmente impide a súa expansión.

Visita á sede de Asetem

Trala visita ao polígono industrial, González Formoso desprazouse ata a sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide para coñecer as instalacións, o labor desenvolvido por esta entidade e manter unha reunión cos empresarios melidenses. Alí, aproveitou a ocasión para explicar os programas de axudas á contratación e apoio a emprendedores que o ente provincial ten en marcha.

O presidente da Deputación da Coruña destacou o "carácter estratéxico" e o "enorme potencial" do municipio de Melide pola súa privilexiada situación xeográfica no interior coruñés, a medio camiño entre Santiago e Lugo, "unha calidade que debemos aproveitar nunha provincia que lidera o desenvolvemento económico de Galicia, que xa é a cuarta de España en exportacións". "A provincia da Coruña é moi potente no plano económico, e detrás da economía vén todo o demais, así que debemos aproveitar esa potencialidade e dotala de instrumentos para que continúe medrando", engadiu.

Formoso explicou a aposta do seu goberno por facer da creación de emprego un dos eixos transversais das políticas da Deputación. Neste senso destacou a creación do Plan de Emprego Local (PEL), baseado en tres liñas básicas: "unha, varios millóns de euros para que os Concellos contraten persoal con fondos da Deputación dando prioridade a determinados colectivos como poden ser mulleres vítimas de violencia de xénero ou parados de longa duración (PEL-Concellos); dúas, darlle cartos directamente ás empresas para que contraten persoal que nós financiaremos nun 75% durante un ano (PEL-Pemes); e tres, liñas de apoio aos emprendedores (PEL-Emprende)".

Durante a súa intervención ante os empresarios, González Formoso tamén quixo destacar o papel da Deputación na creación de emprego "ao financiar o 90% das obras que se realizan en distintos concellos grazas ao Plan de Obras e Servizos".

PEL para 2018

Tal e como adiantou en Melide, o presidente da Deputación xa presentou as novidades do PEL para o 2018. Ao igual que en 2017, o plan seguirá contando con tres eixos clave (Concellos, Pemes e emprendedores), ademais da segunda convocatoria do Premio á Mellor Iniciativa Provincial e unha liña destinada a impulsar proxectos europeos. O Plan de Emprego Local contará no 2018 cun orzamento de 10 millóns de euros, un 33% máis que o ano anterior.

Na visita ao polígono o presidente da Deputación, no centro da imaxe, estivo acompañado pola alcaldesa de Melide e o presidente de Asetem

González Formoso en Asetem, onde se reuniu cunha vintena de persoas

Valentín González Formoso interesouse polo Cerne, xornal que edita mensualmente a Asociación de Empresarios Terra de Melide

Festa de presentación para a ACVM, que conta xa con máis de 100 socios

Tras levar varios meses funcionando, a Asociación Cultural e Veciñal Melidá (ACVM), fixo a súa presentación en sociedade o pasado 25 de novembro. Para iso organizou unha festa na que se procurou dar protagonismo a todas as idades, dende a rapazada á xente máis vella, con actividades como obradoiros infantís de pintura, cociña e música tradicional; rifas de cestas con produtos doados polos comercios locais; ou bebidas e tapeo para todas as persoas que asistiron.

Se cos obradoiros se tentou implicar á xente máis nova, non menos importante foi o sorteo de varios lotes de produtos do comercio local, co que o colectivo veciñal quixo reafirmarse no seu compromiso na promoción da empresa melidense como un dos principais motores económicos da bisbarra. De feito, dende a Asociación agradeceron expresamente as doazóns realizadas por establecementos e negocios de diversos sectores como Casa Alongos, Cafetaría Estilo, Produtos Alimenticios Mella, Casa Juanito, Pastelaría Trisquel, Panadaría Tahona, Rubén Pacior SL, Xebre, Ferraxería Noguerol, Milhulloa, Horta Ecolóxica Esencia da Terra, Casa Melchora, Santos, Adega Mejuto, Panadaría Tarrío, Emilio Ares, Xeos Melide, Jim Sports, Meligraf, Lumigal, Queixería Terra de Melide, Mobles Paula ou Os Melidaos. Tamén colaboraron de diversas maneiras Libraría Parrado, Locutorio e Panadaría Pita e, por suposto, a actuación desinteresada de Herba Grileira, que amenizou co seu repertorio o evento.

A festa culminou coa lectura dun manifesto no que a Asociación Cultural e Veciñal Melidá, que xa supera o centenar de socios e socias, quixo facer fincapé na importancia das persoas: "Queren convencernos de que as persoas non temos capacidade de decisión, que os nosos intereses non son importantes, que somos insignificantes e que, fagamos o que fagamos, non poderemos cambiar o mundo nin as regras do xogo". Pero, fronte a esta desafección imposta nace, precisamente, a ACVM: "Para as persoas que non queren pasar de puntillas pola vida, que queren implicarse na toma de decisións e na procura dun pobo máis xusto, máis democrático, máis solidario e máis noso".

A Asociación de Troiteiros Río Furelos denuncia un acto de "furtivismo letal"

Cren que manipularon a comporta para deixar o caudal do río ao mínimo e coller así o maior número posible de troitas

"Foi unha desagradable e triste descuberta"; así cualificou Xabier Pazo, presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos, a acción dos furtivos que rebaixaron o caudal a mínimos do río Furelos para poder capturar troitas.

Segundo indicou Pazo "manipularon as comportas da presa do Ruzo, na praia fluvial, a fin de deixar a canle case sen auga. É ben sabido que as troitas grandes están en período reprodutivo, cheas de ovas, e os furtivos tamén coñecen o alto prezo que por elas lles poden pagar nos circuítos do mercado negro. Co río practicamente sen auga, tiñan o botín asegurado".

Os feitos xa foron denunciados por parte desta agrupación ante o Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil de Melide, notificados á propia alcaldesa e tamén á Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia.

Dende a asociación de troiteiros cren que "nesta ocasión os delincuentes actuaron con nocturnidade e aleivosía, aproveitándose do baixo caudal do río para perpetrar un terrible delito ecolóxico de furtivismo ao medio natural xunto co de vandalismo en instalacións públicas". Na súa denuncia ante as institucións Pazo asegurou que "co cauce do río xa moi minguado pola seca, este suposto acto de furtivismo perseguía deixar o cauce case seco para coller o maior número de troitas posible".

O colectivo de troiteiros agarda agora que as autoridades esclarezan canto antes os feitos para poñer aos culpables a disposición da xustiza e lémbranlle ao Concello de Melide que esta non é a primeira vez que se produce unha manipulación das comportas. "Para falarmos claro, consideramos inadecuado o mantemento que o Concello fai destas comportas, o que facilita este tipo de delitos. É preciso utilizar sistemas moito máis seguros e eficaces que resulten completamente disuasorios para aqueles que o intenten de novo", indicou Pazo. No seu momento as comportas estiveron atrancadas con cadeados e parafusos que, á vista dos actos, resultan ineficaces.

Xabier Pazo, presidente da asociación de troiteiros, comprobando os feitos, e parafuso empregado nas comportas

As recriminacións e o desacordo, protagonistas do último pleno local

A corporación de Melide celebrou o pleno ordinario do mes de novembro onde, entre outros aspectos, se aprobou por unanimidade a bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), para desenvolver a primeira fase das vivendas de protección oficial e, desa maneira, poder seguir tramitando as licenzas e acometer as obras o máis pronto posible. Non obstante, deixando este punto a un lado o pleno caracterizouse polo continuo desacordo entre goberno e oposición en case todos os puntos.

Arranxo de beirarrúas en Santa María

Deste xeito, o Partido Popular de Melide presentou no pleno unha moción instando á Deputación da Coruña a que teña "un trato igualitario con todos e cada un dos concellos da provincia. Estamos un pouco cansos de visitas e de promesas que logo caen en saco roto", subliñou a rexedora Dalia García, quen explicou que os populares se viron obrigados a incluír no plan de travesías municipais o arranxo das beirarrúas de Santa María. "Son beirarrúas de afectación provincial e, por tanto, debería ser a Deputación, do mesmo xeito que fai noutros concellos, a que se encargase de levar a cabo esta actuación", apuntou. A moción foi aprobada cos votos a favor dos populares e do BNG, e coa abstención do PSOE.

Ampliación do polígono industrial de Melide

O polígono da Madanela foi tamén protagonista na sesión plenaria por unha das mocións presentadas polo Partido Socialista: a necesidade de dotar de máis solo industrial a Melide e Comarca. Neste senso, a alcaldesa de Melide explicou que "durante o primeiro semestre do ano o goberno melidense leva planificando as vías de ampliación do polígono industrial", e fixo fincapé na información técnica presentada polo grupo da oposición que "carece de concreción técnica, é dicir, as leis ás que fai referencia para a aplicación do deslinde da Rede Natura non teñen nada que ver coa realidade". García recalcou no pleno que "non teñen nada que ver as parcelas vendidas coas ocupadas e o PSOE non debería crear alarmismo sen papeis e sen estudos para iso", criticou.

Pola súa banda, o voceiro socialista, José Antonio Prado, quixo deixar claro que "a alcaldesa de Melide demostrou no pleno que para ela os intereses do PP están por encima dos intereses dos melidenses ao non dar resposta a ningunha das iniciativas presentadas. Hai unha ausencia clara de proxecto a medio e longo prazo e son incapaces de resolver os problemas diarios de Melide". Prado destacou que en relación a unha futura ampliación do polígono "a rexedora debuxou un panorama extremadamente complicando dende o punto de vista legal, contradicindo incluso ao sinalado no seu día polo subdirector xeral de Medio Natural do Goberno de España. Ademais, non ofreceu ningunha solución de ampliación e só fixo referencia a informes que non concretou".

Paso de peóns en Furelos e arranxo da N-547

En canto á moción dos socialistas para solicitar ao Ministerio de Fomento o arraxo do tramo da estrada N- 547 que comunica Melide con Palas de Rei e coa primeira incorporación á autoestrada A-54 dirección Lugo, Prado indicou que "pese ao mal estado de conservación do firme en moitos puntos, a rexedora votou en contra ao consideralo un problema que non nos compete, a pesar de que todos somos usuarios da mesma". Ademais, o voceiro socialista engadiu que con respecto á sinalización dun paso de peóns que solicitaron na mesma estrada, "nun lugar moi frecuentado da parroquia de Furelos xa que o máis próximo está a máis de 500 metros de distancia, dende o Concello só se van a limitar a mellorar a sinalización existente".

Unha rúa para o párroco Mourelle

Outro dos asuntos tratados no pleno a petición dos socialistas e que xerou certa polémica foi a intención de homenaxear ao expárroco de Melide falecido, Antonio García Mourelle, cunha rúa na vila. Mentres que o PP defendeu que esta xa fora unha iniciativa presentada por eles no ano 2008, dende o PSOE solicitáronlle á alcaldesa que explicase os criterios a seguir pola comisión de festas do Carmen para propoñer que se lle asignase unha rúa a Mourelle. "Non nos serve a contestación da alcaldesa dicindo que a comisión de festas debe conseguir un amplo apoio da parroquia, dos párrocos e ata do Bispado. Nós pedímoslle que teña claro que o pleno de Melide é absolutamente soberano para darlle unha rúa a quen considere sempre que se respecte a lei. O que non ten que facer o pleno é pedir permiso nin ao Bispado nin aos párrocos para asignar unha rúa".

Pola súa banda, dende o BNG de Melide aclararon a través das redes sociais que "non estamos en contra de pór o nome de Mourelle a unha rúa, pero non estamos a favor de trocarlle o nome á Costa do Castelo, pola súa importancia toponímica, popular... ", ao mesmo tempo que propuxeron que o nome de Mingos "un puntal da cultura, da política, da nosa comarca, o leve unha rúa de Melide".

Entrevista: Ramiro Piñeiro Oliveira, Director do IES de Melide

“Nos anos 70 chegou a haber 80 alumnos do IES estudando na universidade en Madrid”

O IES de Melide cumpre 50 anos de vida. Falamos co seu director, Ramiro Piñeiro Oliveira, quen nos fai un repaso por estas cinco décadas de actividade.

- Como xurdiu o proxecto de conmemoración?

- Ramiro Piñeiro (R.P.): O alumnado de 2º da ESO ten unha materia establecida por proxectos, así que estivemos indagando e investigando sobre como foron estes 50 anos. Foi un tema que se fixo o curso pasado con alumnos que agora están en terceiro, pero que este ano retomaron os alumnos do actual 2º da ESO que cursan esta materia. Eles sabían que estaba preto a celebración dos 50 anos e decidimos ir por aí. Nas investigacións tratamos de ir ás fontes primarias, a aqueles directores, alumnos e persoal non docente como conserxes ou limpadoras, aos que aínda puidemos contactar e preguntar. E así cos distintos membros que formaron parte da comunidade educativa nestes 50 anos para ir sacando unha serie de conclusións sobre, por exemplo, como eran as aprendizaxes e as diferenzas con respecto a hoxe en día, e tamén como deberán ser nun futuro inmediato. Á vez que investigamos sobre isto, un grupo de alumnos dedicouse a deseñar como debería de ser unha aula innovadora para as ensinanzas que eles cren que teñen que ser máis activas. E falando diso puxémonos mans á obra e construímos unha aula no primeiro andar do IES, colocando unha serie de mesas que nos permiten traballar de xeitos distintos.

- Que saíu desas investigacións?

- R.P.: Démonos conta de que en cada momento houbo un protagonista e non podemos dicir que a ensinanza fose mellor nin peor. O que podemos dicir é que se tratou sempre de facilitar que os cidadáns de Melide e arredores tivesen acceso a unha formación que posibilitase un mellor desenvolvemento persoal e tamén profesional. Cabe recordar que nos seus inicios, no 67, non había outro instituto en 50 quilómetros á redonda e iso foi un privilexio para Melide.

- Que posibilitou a creación do Instituto?

- R.P.: Cremos que foi unha vontade compartida porque interveu o Concello, que foi o máximo responsable, pero tamén estiveron aí os pais e as nais traballando para o mellor porvir dos seus fillos. E tamén evidentemente un delegado provincial que simpatizaba con Melide. Despois xa no ano 73 deuse un paso crucial que foi o de nomear ao IES de Melide como Instituto Nacional de Bacharelato, o que implicou que os alumnos xa non tiñan que avaliarse fóra.

- Cales foron os maiores logros do IES nestes 50 anos?

- R.P.: En primeiro lugar esa vontade compartida para botar a andar o IES. Despois o compromiso das familias que querían que o seu alumnado estudase tanto no IES como as ensinanzas superiores fóra. Date conta de que a mediados dos 70 chegou a haber 80 alumnos procedentes de Melide estudando na universidade en Madrid. E a partir de aí tivo os seus momentos como é lóxico. As aprendizaxes creo que foron correctas en todos os seus tempos. Supuxo moito nos primeiros momentos que existise o IES para dar saída a estudos superiores máis adiante e logo a unha formación global. E xa máis preto dos nosos días tamén é importante ese acompañamento dos estudos de Bacharelato e da ESO cos estudos de Formación Profesional que aquí comezaron con dous ciclos, o de Comercio e o de Carpintería e Moble.

- O Ciclo de Carpintería e Moble é dos máis solicitados

- R.P.: Apostamos por el porque é algo de aquí, que non está cuberto e que ten saída. É o que temos, o que sabemos que funciona e o que debemos de coidar porque neste momento ten un índice de inserción laboral do 100%. Están vindo os empresarios ao instituto a buscar rapaces titulados en carpintería e moble.

- Que retos afronta a educación e o IES en Melide?

- R. P.: A educación, buscar un método de ensino e aprendizaxe propio do século XXI, e refírome a traballar por proxectos onde haxa un traballo colaborativo entre o alumnado, e onde os profesores guíen ese traballo. O IES de Melide nese sentido está moi ben preparado porque temos un amplo equipo de docentes. E en canto ao resto, o IES ten que atender sempre á diversidade, que calquera rapaz ou rapaza da súa contorna sexa atendido indiferentemente das súas capacidades. Hai que insistir niso porque ademais contamos cun equipo docente preparado para tal fin, seis persoas que atenden aos alumnos con máis dificultades. E logo tamén se debe atender aos alumnos que non queren cursar estudos de bacharelato e que queren unha saída a nivel de formación profesional. Por iso debemos seguir coidando o ciclo de carpintaría. Outro dos retos é ofertar a diferenza. É dicir, non debemos ofertar nada que estea a 20 minutos de Melide, é ridículo, e tratar de non perder o que temos, porque se comezamos a diversificar moito tamén podemos correr o risco de perder o que temos actualmente. Non é tan doado implantar un ciclo hoxe en día.

- Non barallan a posibilidade de ampliar a formación profesional?

- R.P.: Estamos a estudar novas e diferentes posibilidades co Concello e evidentemente co propio centro no Consello Escolar, con toda a comunidade educativa. Levamos moitos anos pensando en se poñer un ciclo máis ou non, o que pasa é que non queremos dar un paso máis en falso e que se nos caia o de carpintaría e moble. Recoñecemos que en certa medida xa se nos adiantaron centros da contorna, porque xa están impartindo numerosos ciclos, pero por iso agora hai que pensar ben os pasos a dar. E ademais hai que ter en conta que as familias do alumando de Melide están moi empeñadas en que os seus fillos estuden bacharelato. Por iso digo que é complicado ampliar a FP en Melide cando as familias teñen outros plans para os seus fillos. Outros centros lévannos a dianteira en estudos de FP, pero nós collemos a dianteira en estudos de bacharelato. Así que non hai que malgastar os cartos do contribuínte. Hai que saber o que queremos, non podemos montar un ciclo cando a poboación a día de hoxe quere o contrario.

- Despois destes 50 anos, que supuxo o IES para Melide?

- R.P.: Hoxe en día evidentemente pode parecer que supón algo menos que no ano 67, porque agora hai un instituto en cada pobo. Pero o que supuxo e o que supón é unha oportunidade de complementar esa formación global e integral que como persoa debe de ter un cidadán e que debe de partir da familia. Ademais, o instituto tal e como está montado permite que o alumnado estea moi ben atendido a nivel de diversidade para que poida desenvolver as súas inquedanzas persoais e profesionais.

Actos 50 aniversario

Os actos de celebración deste 50 aniversario deron comezo o pasado 29 de novembro no IES de Melide coa inauguración da exposición dos 50 anos e a Poxa de Mobles Curso 1967-2017. Pero os actos de conmemoración non remataron aí. E é que o vindeiro sábado **16 de decembro** celebrarase unha gala ás 12.00 do mediodía no propio IES, para posteriormente gozar dun Xantar de Celebración e Reencontros previsto para as 14:30 horas no pavillón do centro. A gala do 50 aniversario terá ademais como eixo condutor a proxección dun documental realizado polo alumnado do centro, que leva por título “Curso 1967-2017: unha viaxe interxeracional desde o IES de Melide”.

Saberes e Sabores de Melide en Madrid

A maridaxe realizada estivo composta por doces típicos de Melide e Augardentes de Galicia

Ricos, melindres e amendoados da repostaría tradicional de Melide foron os protagonistas na feira *Pop up Galicia. Saberes y Sabores* organizada por Artesanía de Galicia e celebrada en Madrid o pasado mes de novembro.

Representantes da Asociación de repostaría tradicional de Melide Terra Doce entre os que se atopaba o seu presidente Alberto Rodríguez, así como do Concello de Melide co concelleiro de Turismo Luis Arias ao fronte, trasladáronse ata a capital de España co obxectivo de promover estes doces típicos, así como a vindeira edición da Festa do Melindre.

Durante a xornada dedicada a Melide, pola mañá foron degustados os doces típicos polas persoas que se achegaron a coñecer os segredos da repostaría melidense, e pola tarde foron moitos os que participaron nunha maridaxe que combinou os doces locais con Augardentes e Licores de Galicia. Esta última actividade foi guiada pola sumiller Sonia Otero, enóloga, vogal do Consello Regulador de Augardentes de Galicia e embaixadora da Festa do Melindre. "A nosa proposta foi unha maridaxe de doces de Melide con Augardentes de Galicia e que consistiu en tres doces con cadanseu augardente: os ricos con licor café, os amendoados con augardente envellecida e os melindres con licor de herbas", explicou Alberto Rodríguez.

Na feira *Pop up Galicia* tamén participaron recoñecidos cociñeiros como Pepe Solla ou Lucía Freitas. A maiores de participar nestas dúas iniciativas, a maridaxe e a degustación, o Concello de Melide e a Asociación de repostaría tradicional de Melide Terra Doce aproveitaron para promover a vindeira edición da Festa do Melindre que xa está declarada como Festa de Interese Turístico Galego. "Agora o que queremos é, ademais de tentar manter ese título e velar polo estatus da festa para que non se lle retire, tentar conseguir que se declare Festa de Interese Turístico Nacional", indicou o presidente da Asociación Terra Doce.

Destacar que entre os asistentes ás actividades estiveron numerosos galegos e galegas que viven na capital, así como persoas de fóra de Galicia que coñecen os doces típicos de Melide. Tamén se achegaron ao evento embaixadores do melindre como a presentadora Silvia Jato, representantes melidenses da Panadería Tahona, da Pastelería Trisquel e da Pastelería Estilo.

Novas infraestruturas para o concello

Melide conta cunha área destinada ao estacionamento de autocaravanas e caravanas situada no campo da feira e próxima ao Camiño de Santiago que xa se está a acondicionar. A iniciativa posta en marcha polo Concello permitirá ofrecer un servizo de carácter público aos condutores ao mesmo tempo que se recupera un amplo espazo que ata o momento se atopaba en desuso. Coas últimas modificacións sinalizáronse prazas de maior dimensión para autobuses, camións, autocaravanas e caravanas. Ademais, estase a preparar a zona con vertedura de augas sucias entre outros servizos. Está previsto que dito espazo se poida inaugurar a comezos de 2018, momento no que o Concello prevé a asistencia de numerosas asociacións de caravanas e autocaravanas que celebrarán a súa asemblea xeral na vila. Por outra banda, o concello de Melide conta dende finais do pasado mes cun novo tractor para o reforzo da limpeza das parcelas municipais. Dita adquisición foi posible grazas a unha achega da Consellería de Medio Rural para axudar aos concellos nos seus labores coa prevención de incendios.

Deteñen a un melidense e investigan a outros dous polo roubo de maquinaria agrícola

A Garda Civil informou da detención dun veciño de Melide e a investigación doutros dous pola súa presunta relación cun roubo de maquinaria agrícola perpetrado a finais de novembro nunha nave dunha explotación agraria na parroquia de Artoño, no municipio de Agolada. Trátase de A.M.S. de 23 aos de idade e I.Q.M. de 21 anos, ambos de nacionalidade española, e de Y.E.M. de 23 anos e nacionalidade marroquí. As investigacións foron realizadas pola Área de investigación do Posto Principal da Garda Civil de Lalín a raíz da denuncia formulada pola subtracción dun tractor e unha máquina plastificadora de herba. As pescudas, realizadas no marco da denominada operación Xeada, concluíron coa detención dunha persoa e a investigación doutras dúas -os tres veciños de Melide-, e a recuperación da maquinaria no interior dun inmoble que foi rexistrado en Melide.

Liña de autobús para unir Melide e Toques

A implantación do novo Plan de Transporte Público de Galicia por parte da Xunta trouxo consecuencias previsibles como o abandono por parte das empresas das liñas menos rendibles. Foi o caso da liña que unía o concello de Melide co de Toques, na que a empresa que xestionaba a liña deixou de facelo. Ante a necesidade de recuperar un servizo que se prestaba antes de implantarse o novo Plan da Xunta, o Concello de Melide viuse na obriga de buscar unha solución que pasa agora por unha liña do programa de uso compartido TES+BUS entre Toques e Melide pasando por Folladela ou As Barreiras, que quedaron sen atender trala implantación do Plan de Transportes da Xunta. A petición desta solución xurdiu dun escrito remitido pola alcaldesa de Melide, Dalia García, a mediados de setembro á Consellería de Infraestruturas e Vivenda para responder ás necesidades das persoas que utilizaban a liña para ir a Melide dende ámbitos periféricos rurais.

Horarios actuais

Desta forma, dende o pasado 1 de novembro, ás 10.15 da mañá parte un bus dende o CEIP de Toques que chega a Melide arredor das 11.05 horas. E no sentido inverso, ás 13.00 horas parte de Melide e chega a Toques en torno ás 13.50 horas. O TES+BUS segue a funcionar nas oito liñas que hai en Melide e unha en Sobrado que opera a empresa Autos Puntero. Logo de solventar o problema xerado, o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, trasladouse unha mañá a Melide para facer o percorrido da liña de bus Toques-Melide, onde tamén estivo acompañado pola rexedora de Melide e o xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, José Antonio Álvarez.

A seca previa ao temporal causou problemas en Toques

Pese a este último temporal, toda Galicia estivo en alerta por seca. Esa foi a decisión adoptada hai uns días pola oficina técnica da seca ao estender a alerta do mes de outubro na conca Miño-Sil, aos 19 sistemas da demarcación Galicia-Costa. Isto non quere dicir que haxa maiores problemas de abastecemento, pero si que hai que tomar medidas para non chegar a esa situación. Dende Augas de Galicia tamén apuntaron a que nestes momentos os ríos levan de media un 80% menos de auga do que adoitan levar nestas datas. Así, na comarca da Terra de Melide os maiores problemas atopámolos no municipio de Toques onde en varias ocasións foi necesario o abastecemento de auga con camións que a trasladaron a varios depósitos. As parroquias máis afectadas foron as de Vilamor, San Martiño e Brañas. En palabras do seu alcalde, José Ángen Penas, "non estamos nunha situación de alarmismo, pero si notamos que houbo un aumento do dez por cento nas solicitudes de auga municipal. Non chovía e nalgúns casos tivemos que abastecer con camións de auga algúns dos depósitos que foron insuficientes". Ante esta problemática o rexedor de Toques indicou que as solucións pasan por "ademais de facer un consumo responsable da auga, tentar aumentar a rede da traída municipal ao maior número posible de lugares, sobre todo a esas aldeas que están máis dispersas e que presentan maiores dificultades", engadiu.

Pleno ordinario do mes de novembro

O Concello de Toques tamén celebrou o seu pleno ordinario do mes de novembro onde o máis salientable foi a toma de posesión do novo concelleiro do PSOE José Luis Abad, trala renuncia de Vanesa Peteiro por motivos laborais e a seguinte na lista a ocupar o seu posto, María del Carmen Rey.

O pleno de Santiso acorda acudir á Xunta para financiar a rede de sumidoiros de Arcediago

O pleno de Santiso vén de aprobar, entre outros puntos, o Plan Único (POS+2018) da Deputación da Coruña destinado a varias obras e tamén a aprobación inicial do orzamento municipal para 2018; pero se por algo se caracterizou o pleno foi polas mocións presentadas, unha delas por parte do Partido Popular solicitando a inclusión no presuposto municipal 2018 dunha partida necesaria para o arranxo da rede de sumidoiros en Arcediago. En relación a isto o alcalde de Santiso, Manuel Adán, explicou que "a moción xa chega tarde porque cando foi presentada os orzamentos xa estaban elaborados na práctica e non tiña obxecto incluíla". Adán tamén insistiu no feito de que se trata "dunha obra como moitas outras que son necesarias no concello e que se afrontará no momento no que sexa posible, pero antes de que teñamos que facelo con fondos propios son partidario, emprazando ao PP, de acudir á Xunta, porque ao igual que financia obras noutros concellos tamén pode facelo aquí", indicou. E é que as obras do sistema de sumidoiros en Arcediago suporían un investimento "bastante elevado que podería chegar aos 700.000 euros", tal e como apuntou o propio alcalde.

Mina de cobre Touro-O Pino

Tamén se aprobou cos votos a favor de BNG e PSOE, e coa abstención do PP, unha moción de urxencia presentada polo grupo municipal socialista instando ao pleno da corporación a "trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da corporación ao proxecto de reapertura dunha explotación mineira nos concellos de Touro e O Pino para a extracción de cobre por parte da empresa Cobre San Rafael S.L". Begoña López, voceira socialista, indicou a necesidade de "solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura da actividade mineira e demandar á Xunta de Galicia a que obrigue ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira".

Os concellos da comarca contra a violencia de xénero

Maxia e descanso en Melide

Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide organizou na casa da cultura unha xornada de Maxia pola igualdade con motivo do 25 de novembro, día contra a violencia de xénero, á que asistiron rapaces e rapazas dos tres colexios públicos de Melide e os rapaces do Centro Ocupacional. Ademais, o sábado día 2 de decembro celebrouse unha xornada de respiro para mulleres no Hotel Balneario Río Pambre.

Charla e monicreques en Santiso

Foto: Concello de Santiso

Os actos desenvolvidos polo Concello de Santiso consistiron nunha charla informativa dirixida a todos os públicos a cargo do persoal do Centro de recuperación integral, sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nenas e as pautas a seguir. Tamén no colexio de Arcediago houbo unha xornada de monicreques en igualdade do grupo de teatro Toxos e Carrouchas de Lousame.

Concienciar en Sobrado

Foto: Concello de Sobrado

No concello de Sobrado dos Monxes quixeron lembrar no Día Internacional contra a Violencia de Xénero a importancia de xerar un cambio social que poña fin ás condutas machistas. Por iso, os nenos do colexio de Sobrado participaron activamente en varias das actividades promovidas polo Centro de Información á Muller en favor da igualdade.

CELEBRA O NADAL CON NÓS
RESERVAS PARA CEAS DE EMPRESA

RESTAURANTE PARRILLADA PILMAR
MARIÑO
- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA

Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46

ESPECIALIDADE EN CARNE
E PESCADO Á BRASA

MENÚ DO DÍA



Casa Juanito
Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con
productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

ESTE Nadal TOCA en Melide

Establecementos participantes

Alain Afflelou Óptico
Angarela
Anic Rotulacións
Bodegas Mejuto
Cafetería Chaplin
Cafetería Marian
Cafetería Stop
Cafetería-Pastelería Estilo
Calzados Broz
Carnicería Penas
Carola Moda
Casa Alongos
Casa Juanito
Casa Santos
CC Xestión
Centro Comercial Ares
Cociñas Buján
Colorín Colorado
Cooperativa Melisanto
Deportes López
Desguaces Lual
Dis-fruta
Diva-Pro Hair&Beauty
Ekaté
El Dándolo
El Mundo del Pintor
Electrosan
Electricidade Vilela
Eurocadena
Ferretería Noguerol
Floristería Maru
Floristería Tarrío
Gasolineira Bocelo
Gasolineira Corredoiras
Hardgalicia (R)
Hotel Carlos 96
Imaxina Fotografía
Imprenta Meligraf
Intermax
Intres Fotografía
La Cortina
La Frutería de Celia
Laia Zapateiros
Leiva Motosport
Librería Cousas
Librería Victorio
M&M
Magnín
Medusa Shop
Melimática
Mercería Marvi
Mis Mejores Labores
Mobles Ares
Muebles Paula
Muxica
Neumáticos Melide
Óptica Melide
Ópticas Tábora
O Pequeno Besbello
Ortosaúde
Panadería-Pastelería Toques
Parafarmacia O Cantón
Parrillada O Carburo
Pasarela
Pastelería Trisquel
Parrillada Pilmar
Pequeniños Zapatería Infantil
Perfumería Lyss
Perito Javier López
Pescados Manolo
Pulpería Ezequiel
Recambios Sando
Recambios Vulcano
Romero Zapaterías
Santín & Amo Perruqueiros
Sisuka
Sport Moda
Stardemoda
Sueños Moda Infantil
Suministros Industriales Cire
Supermercados Gómez-Covirán
Tu Boutik
Viñoteca Ribeirao
Xamonería Garceiras
Xebre
Xoiería Oro Ley
Xoiería Roval
Xoiería Silvela
Yethi Carburantes

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

CONCELLO DE MELIDE

XUNTA DE GALICIA

CentroComercialAberto CCA Melide ASETEM

MIS MEJORES LABORES

Tlf.: 981 50 90 85

Ronda da Coruña, 38 - MELIDE

Agasallos de Nadal

* Puericultura * Lencería
* Infantil * Mercería

casa alongos

Cocíña con corazón

Camiño Vello de Santiago - MELIDE
Tfno.: 981 506 392
Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851
www.casaalongos.com
info@casaalongos.com

Á parte da carta habitual, en decembro empezamos con:
COCIDO TODOS OS DOMINGOS

E ademais, "O Comer da casa" DECEMBRO 2017...

- Ensalada verde con froitos secos
- Terrina de cochinillo con puré de mazá e cenoria cruxinte
- Bacallao en manteiga de cítricos
- Brocheta de pavo con ciruela, pementos e cherry
- Crema de marisco
- Repolo recheo de verduras
- Entrecot Tenreira galega
- Zamburiñas á plancha
- Pescada en prebe verde
- Postres caseiros e variados

"COCIÑA con CORAZÓN"

Reservas, presupostos para grupos, configuración personalizada do teu menú
Chámanos 686 312 851 ou tamén por enderezo electrónico info@casaalongos.com

Impulso definitivo á reestruturación parcelaria na parroquia de Grixalba

Na mañá do martes 21 de novembro celebrouse no pavillón polideportivo municipal de Sobrado a enquisa previa ao acordo de reestruturación da parcelaria na parroquia de Grixalba, que estará aberta no período de un mes. Os interesados e afectados poderán acudir ao Centro Social de Penagrande (Grixalba), de luns a xoves en horario de 9:30 a 14:30 horas onde os técnicos informarán das posibles dúbidas ao respecto. Tanto o xefe territorial na provincia da Coruña da Consellería de Medio Rural, Manuel Rodríguez, coma a rexedora municipal, María Jesús García, fixeron fincapé no compromiso de ámbalas institucións para dar un derradeiro e definitivo impulso ao proxecto. Algo que ademais de permitir a regularización da situación das propiedades que foron indeterminadas ao longo destes anos, resultará fundamental para o desenvolvemento económico da parroquia de Grixalba e de todo o Concello. Segundo informaron dende o Concello de Sobrado, a Consellería de Medio Rural comprometeuse a rematar o proxecto así como a executar os novos camiños que garantan o acceso a todas as fincas, ademais de revisar os xa existentes deteriorados polo paso dos anos.

Servizo gratuíto de podoloxía

O Concello de Sobrado pon a disposición de persoas empadroadas maiores de 65 anos, pensionistas con incapacidade ou persoas con discapacidade maior do 33% un servizo gratuíto de podoloxía que se prestará nun local acondicionado para tal fin en Sobrado. Mentres se levan a cabo os trámites para o seu acondicionamento, de forma provisional os usuarios poderán acudir a unha clínica podolóxica no concello de Curtis. As persoas interesadas en ter acceso a este servizo deberán presentar no departamento de Asuntos Sociais do Concello o seu DNI e un informe médico, o certificado de discapacidade ou o certificado de pensionista de incapacidade se procedese. As citas concértanse dende o propio departamento de Asuntos Sociais do Concello de Sobrado.

Curso de iniciación ao BTT

No concello de Sobrado organizan un curso de iniciación ao BTT dirixido a persoas nacidas entre o 2003 e o 2009, ambos incluídos. O curso dará comezo o 21 de xaneiro e ten dispoñible un máximo de 15 prazas. O prazo de inscrición remata o 29 de decembro e para anotarse os interesados poderán dirixirse á Casa do Concello ou chamar por teléfono ao 981 787 508. A actividade está aberta a todos pero teñen prioridade os empadroados en Sobrado. En canto ao curso, este celebrarase os domingos de 10 a 14 horas no pavillón polideportivo. A inscrición ten un custo de 20 euros por persoa e é necesario levar casco de seguridade e bicicleta de montaña. O día de clausura do curso farase a ruta polo Camiño do Norte dende Sobrado ata Compostela no que poderán participar tanto os alumnos do curso coma os acompañantes.

O primeiro gran temporal do outono deixa incidencias menores na comarca

Ana, o primeiro gran temporal que asolou Galicia este outono deixou incidencias na comarca menos graves do previsto. Así, segundo indicaron dende Protección Civil de Melide, "tivemos saídas ao longo da tarde e algunha tamén ao longo da noite, pero en ningún momento foron problemas graves". En canto aos incidentes atendidos "destacan asolagamentos en tres baixos no centro de Melide, a retirada de árbores caídas nas estradas e pistas en lugares como Maceda, Orois, Furelos ou Zas de Rei, e despois incidencias similares nos arredores do municipio". Foron máis de vinte saídas as que realizou Protección Civil durante a xornada de temporal aínda que "a partir das 00.15horas da noite notamos unha diminución importane nas actuacións a realizar". Precipitacións abundantes e ventos que nalgún punto de Galicia chegaron a ser de 140km/h fixeron que ata as 20.00 horas do domingo día 10 o 112 Galicia levase atendido e xestionado un total de 483 incidencias relacionadas coa borrasca de vento e choiva que afectou á comunidade. Con todo, a borrasca amainou ao longo da noite e polo tanto non foi necesario suspender as clases. Ao igual que na comarca, no resto de Galicia as incidencias máis repetidas dende o comezo do temporal foron a caída de árbores e pólas nas estradas, bolsas de auga nas estradas, anegamentos en rúas e vivendas e cables de luz nas estradas. Por provincias, a que rexistrou máis incidencias foi Pontevedra con 246, seguida da Coruña con 143, Lugo con 57 e Ourense con 37.

Contratan a posta en valor do campamento romano de Cidadela, en Sobrado, por algo máis de 73.000 euros

No concello de Sobrado dos Monxes vén de saír a contratación o acondicionamento e posta en valor do campamento romano de Cidadela. O proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro dos fondos Feder Galicia 2014-2020, e licitouse por algo máis de 73.000 euros. Os traballos, contratados pola Consellería de Cultura, deberán estar rematados no prazo de tres meses. O campamento romano de Cidadela está situado a cinco quilómetros do mosteiro de Sobrado e conta con algo máis de dúas hectáreas distribuídas en forma rectangular.

FESTIVOS LOCAIS 2018

TOQUES

15 de maio
(martes, San Cidre)

3 de setembro
(luns, San Antolín)

SOBRADO

14 de maio
(luns, San Vitorio)

29 de xuño
(venres, San Pedro)

SANTISO

13 de xuño
(mércores, San Antonio)

14 de setembro
(venres, Santa Cruz)

MELIDE

2 de abril
(luns de Pascua)

29 de xuño
(venres, San Pedro)

Campaña solidaria de O Noso Lar

A Asociación Cultural e Veciñal O Noso Lar de Visantoña organiza un ano máis a súa campaña solidaria. Ata o día 19 de decembro recollen alimentos non perecedoiros, roupa, xoguetes e calquera outro obxecto que estea en condicións de poder ser reutilizado para a súa posterior entrega aos servizos sociais do Concello de Santiso e limítrofes, así como a outras organizacións non gubernamentais da zona para o seu reparto entre os máis necesitados. Todo aquel que o desexe poderá deixar as súas doazóns no local social de O Noso Lar de Seoane (Visantoña), os martes, xoves e domingos de 16:00 a 18:00 horas.

Un Nadal cheo de ocio para todos os gustos e idades

Maxia, cine, deporte, teatro e concertos entre as actividades da programación para este Nadal en Melide, que deron comezo o pasado 2 de decembro cun monólogo teatral e rematarán o 8 de xaneiro coa gala de final de campaña "Este Nadal toca en Melide" de Asetem. Destacar a celebración dunha edición máis do Festival de Maxia ao longo de tres días que reuniu a magos chegados de diferentes partes do mundo. Dende o Concello destacaron a continuidade que un ano máis se lle dá ás iniciativas de ocio, ademais de contar no Palacio de Congresos e Exposicións de Melide cunha pista artificial de xeo, con coches eléctricos, inchables, miniexcalextric e talleres de pintura. Un espazo de ocio dirixido especialmente ao público infantil nas tardes de Nadal. Do mesmo xeito, durante as vacacións de Nadal dos máis cativos haberá un campamento que se celebrará na piscina municipal entre o 26 e o 29 de decembro e do 2 ao 5 de xaneiro.

Actividades no Centro Social

Tamén para os maiores haberá este Nadal unha serie de actividades como por exemplo o 25 de decembro a partir das 18.30 horas con baile e degustación de produtos típicos de Nadal; o 1 de xaneiro a partir das 18.00 horas con brinde e baile de ano novo; ou o 6 de xaneiro a partir das 18.30 horas tamén con baile, sorteo de agasallos, chocolate e roscón de reis.

O 3º *Terra de Melide*

A reimpresión desta obra e varias mesas redondas conmemoran os 50 anos do IES e os 40 do Museo

Dende o Museo da Terra de Melide explicaron que "co gallo da reimpresión do *Terra de Melide* que verá a luz en breve, o Museo xunto co IES de Melide, están a organizar unhas mesas redondas para a presentación de dita reedición, así como para conmemorar o 50 Aniversario do Instituto de Ensino Secundario de Melide e os 40 Anos da fundación do Museo da Terra de Melide".

Esta será a terceira edición da obra editada por vez primeira no ano 1933 polo Seminario de Estudos Galegos, e cunha segunda reimpresión no ano 1978 a cargo de Edicións do Castro.

En canto ao programa de actividades, baixo o título de *Medio século de ensino secundario na Terra de Melide, 40 anos do Museo da Terra de Melide*, estanse a organizar unha serie de mesas redondas. A primeira delas tivo lugar o 1 de decembro e a seguinte será o 29 de decembro no Museo da Terra de Melide e levará por título *E despois do instituto, que?*. As seguintes serán o 26 de xaneiro no multiusos con *A oferta do ensino secundario na Terra de Melide*, e o 23 de febreiro tamén no multiusos con *50 anos de historia da Terra de Melide*.

Pola súa banda, a presentación pública do *Terra de Melide* terá lugar na Casa da Cultura ás 19.30horas o vindeiro sábado 30 de decembro xunto a un concerto de "Os Melidaos". Neste caso a reimpresión da obra *Terra de Melide* farase no seu formato orixinal da Editorial NÓS do 7 de xuño de 1933.

Reencontro en Melide para a xeración do ´74

"Non están todos os que son, pero son todos os que están", dirían. E é que a última fin de semana de novembro tivo lugar en Melide un reencontro moi especial. Falamos dos alumnos da xeración do ´74, que estudaron xuntos na EXB, no IES e tamén realizaron COU en Melide. Á cita acudiron máis de 50 persoas chegadas das catro provincias galegas, pero tamén de distintos puntos de España como por exemplo León, Madrid ou Mallorca. A idea xurdiu porque algúns deles levaban máis de vinte anos sen verse, cousa que foi viable e se converteu nunha realidade mes e medio despois de xurdir a idea nun grupo de WhatsApp. A proposta tivo tan boa acollida que non descartan repetir a xuntanza en breve, xa que moitos non puideron asistir.

A Banda de Música de Visantoña visita o Parlamento Europeo

A instancia da concelleira socialista do Concello de Santiso, Begoña López, a Banda de Música de Visantoña foi invitada polo eurodiputado José Blanco López a visitar o Parlamento Europeo na súa sede de Bruselas, onde mantiveron un encontro co eurodiputado e se lles informou do traballo que se realiza en dito parlamento así como dos temas actuais que se están a tratar no mesmo. Con esta viaxe remata a celebración do 140 aniversario da fundación da Banda de Música de Visantoña, o que a acredita como a banda máis lonxeva de Galicia en activo sen interrupción na súa actividade. A viaxe realizouse do 4 ao 6 de decembro e nela participaron 25 músicos.

O Concello de Melide xunto co Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo (GDR), organizan para a fin de semana do 16 e 17 de decembro **Manxares, Feira Agroalimentaria de Galicia**. Este evento ten como obxectivo poñer en valor os produtos tanto do mar como da terra nas datas anteriores ás celebracións de Nadal. Haberá así mel, cervexa, queixo, bacallau, pan, etc, e ata unha food truck para degustar as tapas elaboradas.

Éxito de participación no torneo de tenis de mesa organizado en Toques



O tenis de mesa comeza a coller tradición no concello de Toques, e é que no mes de novembro celebrouse un torneo para nenos e adultos que, ao mesmo tempo que practicaron este deporte, serviu para que participasen dunha actividade lúdica e de carácter social ao longo de máis de dúas horas. Os deportisas, un total de 20, chegaron de diferentes concellos como o de Melide, Santiso, Curtis e por suposto Toques.

Toreno de dobres

Ante a boa acollida desta experiencia, o vindeiro **16 e 17 de decembro** o concello volve a organizar un torneo de tenis amateur, esta vez en categoría de dobres senior. Será no pavillón polideportivo de Souto e admitiranse un máximo de 16 parellas que realizarán unha fase de grupos e final a catro. Por suposto haberá trofeos e agasallos.

III Feira de exaltación de produtos

Os veciños do concello de Toques xuntáronse o pasado 25 de novembro para celebrar a terceira edición da Feira de exaltación de produtos típicos da zona, que este ano incluíu a décima edición do Samaín, a primeira Turresmada e o V Concurso de fotografía con gran afluencia de público e moi boa aceptación por parte dos asistentes. Dende o Concello quixeron agradecer un ano máis aos asistentes a súa participación, e a todos aqueles que fixeron posible a realización deste proxecto no municipio.

O concello de Melide, capital da maxia por unha fin de semana

Melide volveu a ser o centro da maxia nunha fin de semana conducida polo mago local Dani Polo. Esta quinta edición do Festival de Maxia congregou no municipio a magos tan recoñecidos como Víctor Cerro, Adrián Conde, Luigi Ludus, Pedro Bugarín, Martín Varela, El Gran Braulio, o mago Rafa, Miguel Ángel Gea ou o Dúo Kybalion. Con este cartel non é estrañar que durante toda a fin de semana cada esquina da vila fose obxecto de espectáculos de maxia. Houbo actividades na residencia da Terceira Idade, na Casa da Cultura, na praza do Convento, na zona histórica e tamén no Cantón de San Roque. Ademais, dende a organización do Festival de Maxia quixeron tamén poñer o seu gran de area para colaborar como cada ano co banco de alimentos de Cáritas Melide, recollendo todo tipo de alimentos non perecedoiros á entrada da celebración da Gala de Maxia Infantil que se celebrou o venres día 8. A resposta tanto a esta gala solidaria como a todos os actos do Festival de Maxia foi masiva, xa que contou coa asistencia de centos de persoas en cada actuación.

A Escola Ayude, dominio absoluto do *kick boxing*

Os clubs galegos marcaron o ritmo no Campionato de España de clubs de kick boxing. Galicia amosouse así como unha potencia a nivel nacional desta práctica deportiva ao subirse ao podio en todas as probas. A Escola Ayude de Santiso presentouse en kicklight, a que podería considerarse a proba máis completa. Despois de dúas xornadas intensas de enfrontamentos, os resultados finais premiaron a case todos os deportistas de Ayude con medallas de ouro, prata e bronce. O balance foi de 6 ouros, 4 pratas e 4 bronces que deron á Escola Ayude o subcampionato de España na proba de kicklihgt. Ademais hai que destacar que os únicos ouros en categoría absoluta para Galicia nesta proba foron para Aron Ayude e Cristina Cardeiro, os dous Deportistas Galegos de Alto Nivel.

Visitas guiadas polo Melide máis descoñecido: o da historia e as lendas

A miúdo coñecemos o máis destacado da nosa historia oficial, pero poucas ocasións temos de achegarnos a eses acontecementos e lendas máis descoñecidas que forman parte do noso pasado extraoficial. E precisamente iso é o que leva facendo dende hai catro anos o Museo da Terra de Melide coas visitas nocturnas que se organizan ao longo dos meses de inverno. "O obxectivo non é outro que, tanto coas visitas diúrnas como coas nocturnas, explicar o patrimonio e a súa historia, e non só os monumentos. De aí que estean máis orientadas aos veciños que aos turistas, porque son bastante específicas, aínda que sempre estamos abertos a todo o mundo", explica Cristina Vázquez, traballadora do Museo.

"A idea xurdiu tras comprobar que a simple vista hai moitos monumentos que se perderon, así que coa intención de concienciar un pouco sobre o feito de que non sigan desaparecendo, e ao mesmo tempo tratar de contar a historia e algúns dos acontecementos máis importantes que tiveron lugar aquí en Melide, tanto na Idade Media como na Idade Moderna, decidimos organizar este tipo de visitas polo día e pola noite", engade. Trátase polo tanto de algo complementario que persegue a posta en valor da vila de Melide e da súa historia de cara aos veciños. "Participar nunha visita diúrna non implica que non teñas que facer a nocturna, e viceversa, porque contamos cousas distintas", aclara Cristina.

Durante os meses de verán lévanse a cabo as visitas diúrnas, mentres que os percorridos nocturnos realízanse a partir do mes de setembro, outubro ou novembro. Nesta época do ano na que nos atopamos as visitas empezan ás sete da tarde e parten da porta do Museo da Terra de Melide. "Reunímonos ás portas do museo, fóra, porque a esa hora o museo xa está pechado e xa non entramos en monumentos, iso faise nas diúrnas, as nocturnas só son polas rúas e contamos outro tipo de acontecementos. Así por exemplo, polo día centrámonos no estilo artístico de edificio mentres que polas noites abarcamos como foi a súa xestión interna".

Ao longo dun percorrido nocturno os participantes coñecen as lendas e o pasado menos oficial de monumentos como o Hospital de Peregrinos, a Igrexa parroquial, a torre do Convento, e tamén visitan o casco antigo de Melide "onde van coñecendo determinados acontecementos históricos que tiveron lugar nas rúas, edificios que se conservan e outros non, que viviron diferentes episodios, lendas, e en resumo cousas que non son da historia oficial, pero que si son parte da historia de Melide", subliña Cristina. "Ademais subimos ata o Castelo e tamén contamos a historia dos camposantos de Melide e todos os que houbo; todo con certo espírito nocturno, para rematar na capela de San Roque".

Foto: Museo da Terra de Melide

Un momento da visita no que se explican detalles sobre o funcionamento do Hospital de Peregrinos de Melide

Dende o principio estas visitas, sexan polo día ou pola noite, tiveron unha moi boa acollida. De feito, "do que máis temos é xente repetidora, xente que veu ás diúrnas e que quedou con ganas de máis e por iso completa coas nocturnas", destaca Cristina.

As visitas que organiza o Museo da Terra de Melide son gratuítas e están abertas a todo o público. "Pode ser que algún neno se sinta suxestionado por algunha lenda, pero en principio non contamos nada tan grave como para iso, así que si serían aptas para todos os públicos". Os encargados de realizalas son Cristina Vázquez, traballadora do Museo, e Xurxo Broz, colaborador do mesmo. É necesario un grupo de cinco persoas como mínimo para saír e non contan cun día fixado, "senón que se planifican, sobre todo, en función da meteoroloxía".

Internet das cousas

Rafa Gaioso, enxeñeiro informático e presidente de MeLiSA

O Internet das cousas (IoT, nas súas siglas en Inglés), é unha realidade que comeza a estar presente nas nosas vidas. Non é outra cousa que a conexión de obxectos de uso común a Internet. Os estudos realizados ata o momento, estiman que no ano 2020 haberá máis de 26 mil millóns de obxectos adaptados a IoT. Cando estamos no noso salón facendo uso do móbil para reproducir unha serie no televisor, xa estamos facendo uso do Internet das cousas. Se conectamos unha caixa de medicinas, por exemplo, poderiamos coñecer a cantidade de medicamentos que hai dentro, cales están caducados, ou coñecer a súa localización exacta. Outro exemplo de IoT, é unha impresora capaz de coñecer o estado dos seus consumibles, e enviar un pedido ao provedor cando están a piques de acabarse.

Un caso especial, e que debe tratarse de forma diferenciada, é o das cidades intelixentes (Smart Cities), que grazas á incorporación de diferentes tecnoloxías, poden mellorar moitas das tarefas propias dunha urbe. A recollida de lixo pode estar xestionada desde un control central capaz de coñecer o estado de enchido dos contedores, e así poder establecer a ruta máis óptima para o camión. Ou ben, detectar unha incidencia (incendio, por exemplo) nalgún dos contedores monitorizados. A iluminación pública pode xestionarse para adaptar o uso ás condicións concretas de cada rúa, así como avisar de posibles avarías no sistema de alumeado.

Parece que todo son vantaxes, e si, son moitas, pero como calquera novo sistema tamén presenta algún problema. O primeiro é unha cuestión de seguridade. Calquera dispositivo conectado ao Internet das cousas vai ter a capacidade de enviar información que pode comprometer a nosa privacidade. Recentemente, informouse de que un certo modelo de aspirador autónomo é capaz de enviar ao fabricante un plano detallado da nosa vivenda. E ao igual que está ocorrendo coa incorporación dunha nova tecnoloxía ás nosas vidas, pode producirse unha fenda entre diferentes sectores da poboación. De tal forma que unha parte da sociedade queda nunha posición de desvantaxe ao non ter capacidade, ou coñecementos, para poder entendela ou manexala.

Máis información:
http://www.crtvg.es/informativos/marcus-fernandez-falanos-do-internet-das-cousas
https://www.esmartcity.es/

Imaxe: Wikimedia Commons

Este Nadal inviste en ti

Vanessa Fernández, empregada no comercio local

De onde vimos? É unha cuestión moi filosófica que abrangue multitude de respostas. Pero aquí, alomenos, podemos dicir que vimos dunha sociedade solidaria, entre veciños, amigos e familia. Onde predominaba o bloque e a unión. Onde se querías ler o periódico ías a compralo, ou ías a tomar un café á taberna onde non só lías o periódico, senón que escoitabas de boca en boca as noticias da túa contorna máis inmediata. No caso de querer comprar unha peza de roupa saías e entrabas na tenda do teu barrio, ou no pobo do lado. Se querías un libro ou algún material de papelería ías á librería máis próxima, se precisabas un marco ou unhas simples pinzas para a roupa só tiñas que baixar á rúa. E así con infinidade de sectores que che rodean, e uns acudían a outros. Esta era unha maneira de colaborar, non fai falla que colabores con alguén axudándolle a facer a casa de maneira física.

Hoxe en día, todo isto está en risco de desaparecer de maneira paulatina e sen darnos conta. Ata que fagamos memoria e nos demos de conta que nese baixo había unha librería, que no do lado unha tenda de roupa, que no segundo piso daquel edificio unhas oficinas que acaban de pechar. O diñeiro gastado por un mesmo xa non fai o efecto *boomerang*. Marcha e non volve porque o deixamos fóra do alcance inmediato do teu veciño, o que fai que el non o poida reinvestir en ti. Se o libro o compras en Amazon, a roupa por internet ou o marco no comercio chino, a onde cres que irán os impostos ou o diñeiro que acabas de gastar? Non volverá a ti a través dos veciños.

China comprou débeda española. As facilidades que se lle ofrecen cando calquera comercio está rexentado por eles non son as mesmas que se lle poden ou queren ofrecer a calquera pequena empresa ou autónomo deste país. Non falo de racismo, tan só de coherencia, de o por que, de que... de seguir así, acabaremos todos traballando para eles.

O autónomo é o gran heroe deste país, é como o ave fénix que renace cada vez que o queiman.

Amazon é o gran exemplo de mundo globalizado. Estar no sofá vivindo a túa vida 2.0, viaxando, observando, comprando, ceando en "www". Para que vas a saír da casa se todo está en Internet. E se saes, a onde vas? Todo está desértico. Os baixos abandonados, agora só fan de garaxe, e os únicos que quedan abertos son 4 bares que non pagan aluguer porque de facelo pecharían.

Máis que nunca no Nadal... Cara onde imos? A resposta está en nós mesmos, nos nosos propios actos. Ti decides, por ti, por min ... por nós.

LILIANA MÉNDEZ MOREIRA, FISIOTERAPIA LILI

“O sorriso, a gratitude e a recuperación dos pacientes é o mellor do meu traballo”

Liliana Méndez leva máis de doce anos en Melide e hai un que abriu as portas do seu propio centro de fisioterapia. Avalana máis de 30 anos de experiencia no sector e o amor que sinte pola súa profesión, á que describe como unha das máis fermosas por todo o que lle aporta. Defende que a fisioterapia implica moito máis que dar masaxes e destaca especialmente o feito de incidir na prevención para evitar lesións graves. Agradecida pola boa acollida que tivo, agora xa pensa nas futuras novidades a incorporar no seu centro, xunto aos tratamentos de rehabilitación e ás terapias respiratorias que xa traballa.

- Vén de cumprir un ano coas portas abertas, pero vostede leva máis de 30 dedicándose á fisioterapia.
- Liliana Méndez (L.M.): Si, o pasado 27 de setembro cumpriuse un ano dende que abrín o meu propio centro de fisioterapia, pero dediqueime a isto dende sempre. Son fisioterapeuta dende hai 30 anos e sempre me gustou esta profesión. Respiro e vivo fisioterapia porque me encanta.

- Que balance fai deste ano?
- L.M.: A verdade é que estou moi contenta. Teño que agradecer a acollida que me deron porque foi magnífica, tanto o apoio que recibín como as mostras de cariño. Verdadeiramente síntome moi ben recibida tanto polos pacientes como polas demais colegas do sector.

As amplas instalacións das que dispón o centro de Fisioterapia Lili abranguen diferentes áreas

“Ademais dos tratamentos de fisioterapia, o mellor é traballar na prevención”

“No futuro queremos incorporar exercicios *hipopresivos* e pilates”

- Que servizos podemos atopar en Fisio Lili?
- L.M.: Podería dicir que principalmente está enfocada aos tratamentos de rehabilitación e ás terapias respiratorias, aínda que chegamos a todas as ramas da fisioterapia, dende as complicacións derivadas de traumatismos e accidentes de tráfico ata as secuelas que deixan problemas neurolóxicos e parálises cerebrais, pasando polas masaxes, a estimulación temperá en bebés ou a rehabilitación deportiva.

- Que tipo de pacientes son os máis frecuentes?
- L.M.: Non podería dicir un en concreto porque ao centro acoden pacientes de todas as idades. Agora mesmo por exemplo teño pacientes dende os dez meses ata 90 anos de idade. O que si, aínda que non teña un sector de clientes que sexa máis habitual que outro, chámame moito a atención que antes eran máis maiores, e agora a poboación que pide cita ten unha media de idade de entre 45 e 50 anos.

- E a que cre que pode ser debido iso?
- L.M.: Aos esforzos e, por suposto, ao estrés no que vivimos diariamente. E tamén ao clima, que aínda que a xente pense que non, si que afecta. Comeza a cambiar o tempo e moita xente comeza con dores e brotes de reuma.

- Estando en Melide, é frecuente atender a peregrinos?
- L.M.: A verdade é que algún sempre vén, pero non é o habitual. Para a miña grata sorpresa os meus pacientes son locais, sobre todo da zona de Melide e Visantoña.

- Cal é o procedemento a seguir ante un paciente que acode por primeira vez?
- L.M.: Para min o primeiro sempre é elaborar un pequeno historial clínico. A moitas persoas chámalles a atención que se realice unha historia clínica para dar unha masaxe, pero iso é porque veñen coa idea preconcibida de que a fisioterapia só consiste en realizar masaxes. E para nada é así. Necesitamos ter unha historia clínica porque a fisioterapia é moito máis que dar masaxes. E despois de elaborar un historial faise unha valoración física da persoa. Xa con todo isto proxéctase un tratamento.

- Xunto ao tratamento, hai algunha recomendación necesaria?
- L.M.: Por suposto, sempre a prevención. Debemos traballar sempre encamiñados á prevención e non agardar a que non poidamos levantar un brazo por exemplo. E tamén procurar adoptar posturas axeitadas para lesionarse o menos posible. Despois tamén axuda facer exercicio: correr, nadar, montar en bicicleta.

- Cales son os beneficios da fisioterapia?
- L.M.: O alivio da dor, melloras na mobilidade, melloras nas condicións físicas e persoais, e moito máis. Hai que mentalizarse no senso de que a fisioterapia non só consiste en dar masaxes, aínda que a día de hoxe creo que a xente está cada vez máis concienciada do importante que é a fisioterapia para a saúde.

- Que cambios aprecia nas doenzas dos seus pacientes ao longo de todos estes anos?
- L.M.: Sobre todo que hai uns anos só acudían por dores nas costas. Agora non, veñen por múltiples motivos e sobre todo xente máis nova. E fáloche como de hai dez anos para aquí.

- Prepara algunha novidade para o seu centro?
- L.M.: Si, nun futuro próximo queremos traballar exercicios hipopresivos e tamén pilates.

- Que é o mellor da súa profesión?
- L.M.: O sorriso dos pacientes cando marchan. A súa gratitude, a súa recuperación. Todo. Gústame todo porque me gusta a miña profesión, é moi gratificante. Ríome cos meus pacientes, choro con eles; por exemplo as persoas con parálise cerebral acaban colléndoche tanto cariño, e ti a eles, que acaban sendo parte importante da túa propia vida. Acabas tendo unha conexión especial con eles. É unha profesión das máis fermosas que existen por todo o que che aporta.

Fisio Lili
Tlf: 981 507 206
San Pedro 16, Melide

Sabadell

CentroComercialAberto CCA Melide ASETEM

PROgresar:

Financiamos hasta el 100% de tus proyectos profesionales.

¿Quieres progresar? Nosotros te ayudamos. Financiamos hasta el 100% de tus proyectos profesionales con condiciones exclusivas, un tipo de interés preferente y comisiones reducidas.

Si eres miembro de la **Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM)** y buscas promover tu trabajo, proteger tus intereses o tus valores profesionales, con **Banco Sabadell** puedes. Te beneficiarás de las soluciones financieras de un banco que trabaja en PRO de los profesionales.

Llámanos al 900 500 170, identifícate como miembro de tu colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

bancosabadell.com

Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'

Banco de Sabadell, S.A., Avda. Óscar Esplá, 37, 03007 Alicante, Inscrito en el Registro Mercantil de Alicante, tomo 4070, folio 1, hoja A-156980. NIF A08000143. Condiciones revisables en función de la evolución del mercado. Serán de aplicación las que estén en vigor en el banco en el momento de la formalización. Documento publicitario. Fecha de emisión: Diciembre 2017